



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

D^a Carmen Gómez Otero, Secretaria- Interventora no Concello de Frades (A Coruña),

CERTIFICA:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o pasado 7 de outubro de 2016 acordou por unanimidade adoptar entre outros o seguinte ACORDO:

“(…) ADXUDICACIÓN PROVISIONAL OBRA “PAS 2016.-. EXPTE CO 5.2016 “ACCESO Á ÁREA RECREATIVA DAS VIRTUDES (VITRE) E OUTROS.-”

Visto que se aprobaron, mediante resolución da Alcaldía do día 14-7-2016 o expediente e os Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación por procedemento negociado con publicidade no perfil, para a adxudicación das obras consistentes en “PAS 2016. EXPTE CO 5.2016 “ACCESO Á ÁREA RECREATIVA DAS VIRTUDES (VITRE) E OUTROS.-” e que, así mesmo, foi autorizado o gasto que supón a adxudicación deste (A22016000709), por importe de 75.350,96 euros, e foi convocada a súa licitación.

Visto que nunha segunda negociación (consta acta do órgano de negociación de data 21 de setembro de 2016), dúas das empresas melloraron a súa oferta inicial, ratificándose o resto na súa oferta inicial (segundo o Prego de Cláusulas administrativas particulares, no artigo 15.4 “De non presentar ningunha oferta enténdese que se ratifican na inicial”, e logo de ver que o Informe do técnico de valoración das ofertas presentadas emitido con data outubro de 2016 polo enxeñeiro de camiños Don Julio C. Rojo Martínez, determina que a oferta máis vantaxosa é a de Canarga Construcciones S.L.

Despois de examinar a documentación achegada e de acordo con esta e co establecido no artigo 151.3 e na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, os membros da Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDAN

PRIMEIRO. *Clasificar as proposicións presentadas polos candidatos, atendendo ao Informe do técnico, de data outubro de 2016 de conformidade coa seguinte orde decrecente (tendo en conta as ofertas que incorren en baixa temeraria):*

CANARGA CONSTRUCCIONES S.L.: 85,22 PUNTOS
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.: 60,52 PUNTOS
CONCIFA S.L.: 50,59 PUNTOS
VARELA EXCAVACIONES S.L.: 41,49 PUNTOS

SEGUNDO. *Adxudicar provisionalmente o contrato a CANARGA CONSTRUCCIONES S.L. licitador que presentou a oferta máis vantaxosa, notificarlle o contido deste acordo e requirirille para que presente, no prazo de dez días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo*



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

3/2011, de 14 de novembro, e de constituír a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE, segundo dispón o artigo 95 do TRLCSP.

O importe de adxudicación provisional ascende a 75.350,96 euros, o importe do IVE ascende a 13.077,44 euros, o importe da adxudicación provisional excluído o IVE ascende a 62.273,52 euros e o importe da garantía definitiva ascende a 3.113,68 euros (...)”.

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa salvedade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, expídese a presente en Frades, a 25 de outubro de 2016.

O Alcalde,

A Secretaria